



INFORMAR ÁS FAMILIAS

Este novo curso 2023-2024 estamos a desenvolver no noso centro, para toda a comunidade escolar, o programa de benestar emocional e convivencia.

“Unha educación emocional eficiente repercute na convivencia, na prevención da violencia, e no benestar persoal e social. Polo tanto, o futuro podería ser un maior benestar emocional, que é o máis parecido á felicidade” (Bisquerra, 2019).

As condicións e experiencias da vida nos primeiros anos son especialmente transcendentales respecto ó crecemento e desenvolvemento biopsicosocial nas distintas áreas (cognición, linguaxe, hábitos, habilidades sociais, desenvolvemento emocional...), influíndo notablemente na saúde e calidade de vida das persoas no resto das etapas da vida.

O contexto educativo e socio-familiar, son referentes clave onde ten lugar o desenvolvemento individual e social das persoas nas idades temperás, exercendo un importante poder na configuración da conduta e valores sociais na infancia e adolescencia. Por outra banda, o benestar emocional ten unha estreita relación co logro do éxito educativo e coa consecución dunha boa saúde no alumnado.

Neste senso o contexto escolar e familiar, fundamentais para a correcta formación emocional e exemplo a seguir, sendo os encargados de guiar o camiño emocional dos nenos, axudarles sempre que o necesiten, e conectar emocionalmente con eles, impulsando a aprendizaxe no manexo das emocións, sentimentos, fomentado a autoestima tamén a motivación e felicidade.

Polo tanto dende o noso centro educativo estamos seleccionando os aspectos relevantes nos que debemos intervir no CEIP de Albeiros, a apertura do centro á comunidade educativa para sentirse protagonista dun proxecto común do centro.

Procuramos a colaboración da comunidade educativa para implicarse no éxito deste plan.

Para favorecer a implicación das familias é recomendable realizar algunhas actividades como a difusión de claves para traballar na casa as emocións..

Mensualmente recibirán unha clave informativa sobre o tratamento das emocións no ámbito familiar.

Esperemos que estas claves sexan do voso agrado e favorezan o desenvolvemento socioemocional dos nosos alumnos e dos vosos fillos.

Calquera dúbida ou inqueda que poidan xurdir, pódense consultar a nivel persoal á coordinadora de benestar que a súa vez tamén é a orientadora do noso centro.

Sen máis reciban un cordial saúdo

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN/COORDINACIÓN DE BENESTAR EMOCIONAL E CONVIVENCIA